

BASES REGULADORAS DO SORTEO DE DEZ BONOS DE DEGUSTACIÓN DE PETISCOS NO SHOWROCKING DO FESTIVAL PORTAMÉRICA

A Deputación de Pontevedra, de acordo co disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, sendo a prestación de servizos de asistencia, fomento e promoción do turismo unha cuestión prioritaria.

O turismo é unha das actividades con maior potencial de creación de emprego e de crecemento económico da Unión Europea, ata o punto de que o Tratado de Lisboa contempla expresamente a importancia do sector turístico e contén disposicións específicas co obxectivo de promover a competitividade entre as empresas do sector para converter á UE no primeiro destino turístico mundial.

A Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia fai referencia a que a dimensión social do turismo non se basea unicamente na súa capacidade para xerar emprego, senón tamén á posibilidade que ten de xerar e distribuír mellor a riqueza, aproveitando as sinerxias que se producen a través das iniciativas entre os distintos axentes públicos e privados.

A citada Lei salienta a importancia de acadar e manter un sector turístico competitivo, de calidade e accesible, así como a transcendencia da implantación de medidas de promoción e fomento mediante a posta en valor dos recursos singulares de Galicia como medio para desestacionalizar a demanda, prevendo que as actuacións de promoción comprendan a utilización de novas tecnoloxías, especialmente de internet.

Con este fin, a Deputación de Pontevedra elaborou unha caixa con doce produtos e experiencias gastronómicas baixo o nome “Fame de experiencias”, unha por cada mes do ano. Entre esas experiencias se encontra a degustación de petiscos no showrocking do Festival Portamérica, que se celebra durante os días 4, 5 e 6 de xullo de 2019.

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases a regulación do sorteo de dez bonos individuais de degustación de petiscos no showrocking do Festival Portamérica, que se celebrará durante os días 4, 5 e 6 de xullo de 2019.

3. BENEFICIARIOS

Poderán participar no sorteo as persoas maiores de idade que estean ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social que soliciten a súa participación mediante o rexistro previo na web www.turismoriasbaixas.com.

Non poderá participar o persoal da Deputación de Pontevedra.

4. PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 1 de xullo de 2019 e rematará o día 3 de xullo de 2019.

5. ADXUDICACIÓN DE PREMIOS

A adxudicación dos premios realizarase da seguinte forma:

- a) Por adxudicación directa, no caso de que o número de participantes non supere o número de bonos dispoñibles
- b) Por sorteo, por medios informáticos, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de bonos dispoñibles.

Neste caso o sorteo realizarase nas dependencias da Deputación de Pontevedra e actuará como fedatario público o Secretario Xeral da institución provincial. O día concreto da realización do sorteo anunciarase na páxina web www.turismoriasbaixas.com. A adxudicación dos premios resolverase mediante resolución presidencial.

6. FINANCIAMENTO

Este programa ten un custo total de 120€ para a Deputación de Pontevedra que será financiado con cargo á vinculación xurídica da aplicación 19/433-4320-489.75 do vixente orzamento provincial.

7. COMUNICACIÓN DAS PERSOAS GAÑADORAS

A notificación ás persoas gañadoras realizarase mediante publicación na páxina web, Sen prexuízo de que tamén se lles comunique mediante correo electrónico e/ou chamada telefónica.

8. ENVÍO DO BONO

O bono – degustación enviarase aos gañadores do sorteo por correo postal. Tamén poderano recoller de forma presencial nas dependencias de Turismo Rías Baixas – Deputación de Pontevedra, sitas na Praza de Santa María, s/n de Pontevedra.

9. ACEPTACIÓN DO PREMIO

O premio entenderase aceptado se o beneficiario non se opón ou o rexeita expresamente no prazo de dez días hábiles contados dende a súa notificación.

10. PUBLICIDADE

Estas bases reguladoras publicaranse na páxina web de Turismo Rías Baixas – Deputación de Pontevedra www.turismoriasbaixas.com.

11. RÉXIME XURÍDICO

As subvencións rexeranse polas presentes bases reguladoras. Supletoriamente, aplicarase o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO nº 249 do 30 de decembro de 2016, nas bases de execución do orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e demais normativa de pertinente aplicación.

12. RECURSOS

Contra o acordo de aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común), ou ben, directamente recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime convinte.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar as solicitudes de participación no sorteo.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no consentimento explícito das persoas participantes.

Serán obxecto de publicación no portal web www.turismoriasbaixas.com os datos identificativos das persoas gañadoras do sorteo.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>